

# Bolsa de auditores internos da federación

Convocatoria 2019



## Que é a Bolsa de auditores/as de FADEMGA Plena inclusión Galicia?

Base de datos onde figuran os contactos de persoas auditoras internas de entidades federadas. Inscibíndose nesta bolsa, as persoas auditoras se poñen a disposición para auditar internamente outras entidades federadas e solicitan que os audite alguén da bolsa.

### Para que?

- Coa base de datos de persoas auditoras se cruzarán auditorías fomentando o intercambio de coñecemento.
- Aprender do que se fai noutras entidades e identificar posibles melloras para cada entidade
- Ensinar o que se fai en cada entidade e aportar posibles melloras a outras entidades

### Como funciona?

Cada ano abrírase un prazo no que darse de alta na bolsa de persoas auditoras . Unha vez pechado, se distribuirán as auditorías en función de criterios de similitude entre servizos a auditar, proximidade das entidades e datas de auditorías externas.

### Que compromisos asumo para formar parte desta Bolsa?

- Ter rigor na realización da auditoría interna
- Colaboración durante o proceso entre auditor/a e responsable de calidade
- Aportar a documentación dos procesos a auditar con 15 días de antelación
- Compromiso de confidencialidade/encargo de tratamento de datos de carácter persoal
- Flexibilidade na planificación de datas e horarios das auditorías
- Entrega do informe de auditoría interna no prazo de 15 días como máximo
- Os custes derivados da auditoría serán asumidos pola entidade na que traballa o persoal que audita

## Que teño que facer para poder participar nesta Bolsa?

1. Deberase cubrir a ficha de inscrición na bolsa de auditores/as internos de calidade cos seguintes datos:

- Datos persoais
- Formación relativa a auditorías de calidade
- Experiencia na realización de auditorías de calidade
- Información referida á auditoría que se vai levar a cabo :
  - perfil de auditora esixido
  - alcance do sistema de xestión
  - duración e data da auditoría interna
  - servizos e procesos a auditar
  - data da auditoría externa

2. Deberase cubrir o compromiso de participación na Bolsa de auditores/as intern@s de calidade FADEMGA. Dito documento deberá ser asinado polo profesional que solicita formar parte da Bolsa de auditores/as intern@s de calidade FADEMGA, polo representante legal da entidade do profesional e polo presidente de FADEMGA Plena inclusión Galicia



Para calquera dúbida contactar con Bibi

Mail [calidade@fademga.org](mailto:calidade@fademga.org) / Tf 981519650